

RESOLUCIÓN REITORAL DE 22 DE ABRIL DE 2019 POLA QUE SE CONVOCAN BOLSAS DE MOBILIDADE PARA A REALIZACIÓN DO TRABALLO FIN DE GRAO/MÁSTER NO CURSO ACADÉMICO 2018/2019

A Axenda 2030 presenta unha nova visión do desenvolvemento sostible que compromete en todos os países a axentes sociais e institucións públicas, entre as que se atopa a Universidade, a impulsar o crecemento económico e social sostible das sociedades.

A Universidade de Vigo, aliñada co cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), incorpóraos ás súas políticas universitarias a través de distintas actuacións nos seus campos de acción: docencia, investigación e extensión universitaria. Entre as accións promovida na universidade ten especial importancia a formación de profesionais responsables e comprometidos co estudo de solucións prácticas para os retos que a Axenda 2030 establece.

Vista a *Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións* e as súas normativas de desenrolo.

En virtude das facultades que lle outorgan a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril, de Universidades e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar **5** bolsas de mobilidade en réxime de concorrencia competitiva para a realización do Traballo Fin de Grao/Máster da Universidade de Vigo que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no Anexo I.
2. Ordenar a publicación desta convocatoria e as bases que a regulan no rexistro xeral, nos rexistros auxiliares e no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, 22 de abril de 2019

O reitor

Por delegación RR 01/12/2018 (DOG 07/12/2018)

A vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación,

María Isabel Doval Ruíz

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s19N0000169

CSV

GEISER-6bbe-cae7-e2ba-40f8-ab49-427d-2011-1a2a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

22/04/2019 10:29:52 Horario peninsular

Validez del documento

Original



ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE BOLSAS DE MOBILIDADE PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLO DE FIN DE GRAO/MÁSTER EN PAÍSES EN DESENVOLVEMENTO

1. OBXECTO

O obxectivo desta bolsa é permitir que estudantes da Universidade de Vigo poidan realizar unha estadía vinculada a unha entidade de cooperación nun país dos sinalados neste apartado no transcurso da elaboración do seu Tráballo Fin de Grao ou Tráballo Fin de Máster no que traten aspectos relacionados coa Axenda 2030, a Cooperación ao desenvolvemento e a Responsabilidade Social.

Seguindo o V Plan Director da Cooperación Española, consideraranse países preferentes nesta convocatoria os denominados Países de Asociación Menos Avanzados (Etiopía, Malí, Mauritania, Mozambique, Níxer, Senegal e Haití) e os Países de Asociación de Renda Media (Bolivia, Colombia, Cuba, Ecuador, O Salvador, Filipinas, Guatemala, Honduras, Marrocos, Nicaragua, Palestina, Paraguai, Perú e República Dominicana).

Tamén terán consideración de países preferentes os sinalados no IV Plan Director da Cooperación Galega non incluídos no V Plan Director da Cooperación Española, a saber, Cabo Verde e Guinea Bissau.

Con relación aos Balcáns, consideraranse unicamente aqueles países non pertencentes á Unión Europea e con menor renda *per cápita*, preferentemente, Albania, Bosnia- Hercegovina e Macedonia do Norte.

2. REQUISITOS

Poderá participar na presente convocatoria o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

- Estar matriculado no curso 2018/2019 nunha titulación de Grao ou Máster
- No caso do alumnado de Grao, ter superado o 50% dos créditos da titulación.
- Comprometerse a defender o Tráballo Fin de Estudos no curso 2018/2019 ou 2019/2020 en temáticas relacionadas con:
 - Axenda 2030:** Todo tema relacionado con 17 obxectivos de desenvolvemento sostible: Fin da pobreza, Fame cero; Saúde e benestar; Educación de calidade; Igualdade de xénero; Auga limpa e saneamento; Enerxía accesible e non contaminante; Tráballo decente e crecemento económico; Industria, innovación e infraestrutura; Redución das desigualdades; Cidades e comunidades sostibles; Produción e consumo responsables; Acción polo clima; Vida submarina; Vida de ecosistemas terrestres; Paz, xustiza e institucións sólidas e Alianzas para acadar os obxectivos.
 - Cooperación ao desenvolvemento:** cooperación financeira; cooperación técnica; axuda alimentaria e axuda humanitaria; principios e fundamentos xurídicos; política e xestión; cooperación e muller; dereitos humanos; ONG e outros actores da cooperación ONG; cooperación empresarial; cooperación universitaria.
 - Responsabilidade social corporativa:** políticas públicas inclusivas; políticas públicas para a igualdade de xénero; inclusión de persoas con discapacidade no emprego público; definición de valores públicos; actuación responsable nas

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s19N0000169

CSV

GEISER-6bbe-cae7-e2ba-40f8-ab49-427d-2011-1a2a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

22/04/2019 10:29:52 Horario peninsular

Validez del documento

Original



organizacións públicas e privadas; código ético nas organizacións públicas e privadas; deseño de plans de voluntariado nas organizacións públicas e privadas; mellora na xestión de prevención de riscos laborais.

- d) Contar co informe favorable do/a titor/a do traballo fin de estudos sobre a existencia de vinculación entre o TFG/TFM e as actividades a desenvolver na estada.
- e) Para aqueles países cuxo idioma oficial non sexa nin español nin portugués cómpre acreditar, según o [Marco Común Europeo de Referencia](#), o nivel B2 de inglés.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, de 17 de novembro.

3. CARACTERÍSTICAS DA MOBILIDADE

- As estadias obxecto das axudas deberán ter unha duración mínima de 1 mes e máxima de 2 meses e iniciarse antes do 31 de agosto de 2019.
- As estadias realizaranse nalgún dos países sinalados no punto 1 desta convocatoria.
- As actividades a realizar durante a estada deben ter relación directa co traballo fin de estudos e estar enmarcadas nun proxecto de cooperación ao desenvolvemento.
- Poderán ser proxectos da UVIGO ou outros proxectos desenvolvidos por entidades de cooperación que se atopen inscritas no rexistro de axentes da Xunta de Galicia, Sección A – ONGD (<https://cooperacion.xunta.gal/es/entidades-inscritas-en-la-seccion-ongd>).
- A persoa solicitante deberá contar cun titor/a na entidade de acollida que asumirá as tarefas de apoio, supervisión e orientación do plan de traballo a realizar.

4. INCOMPATIBILIDADES

As bolsas que se establecen nesta convocatoria serán incompatibles con calquera outra axuda da mesma natureza e para a mesma finalidade.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o coste da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da *Ley 38/2003 de 17 de novembro, General de Subvenciones*.

5. DOTACIÓN E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a esta axuda irán con cargo á aplicación orzamentaria 2019 0000 121D 482.10 e o importe máximo do crédito orzamentario retido para esta convocatoria ascende a 10.000 € para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

2. A contía máxima da bolsa será de 2.000 € repartida en:

- 500 €/mes máximo por manutención e aloxamento
- 1.000 € máximo por gastos de viaxe de ida e volta desde o lugar de estudo ata a lugar de realización da actividade, según distancias

DISTANCIA	IMPORTE
Entre 100 e 499 km:	180 €
Entre 500 e 1999 km:	275 €
Entre 2000 e 2999 km:	360 €

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s19N0000169

CSV

GEISER-6bbe-cae7-e2ba-40f8-ab49-427d-2011-1a2a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

22/04/2019 10:29:52 Horario peninsular

Validez del documento

Original



Entre 3000 e 3999 km:	530 €
Entre 4000 e 7999 km:	820 €
8000 km ou máis:	1.000 €

3. O pagamento da bolsa efectuarase en dúas fases:

- O 80% da contía unha vez presentada a carta de aceptación da entidade de acollida
- O 20% ao finalizar a estadía e unha vez presentada a memoria final co visto bo do/a titor/a do traballo fin de estudos.

6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As persoas solicitantes deberán cubrir o [formulario electrónico](#) e presentalo debidamente asinado nos rexistros da Universidade ou por calquera dos medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación das solicitudes será dende o día seguinte ao da publicación desta convocatoria ata o **10 de maio de 2019**.

Xunto coa solicitude deberán subir a seguinte documentación:

- O alumnado que accedeu ao máster desde estudos cursados en universidades estranxeiras deberá aportar a Declaración de Equivalencia de Nota media solicitada ao *Ministerio de Educación y Formación Profesional* a través do seguinte enlace

<http://www.educacionyfp.gob.es/mecd/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/general/educacion/203615/ficha.html>

- Plan de traballo individualizado que conterá unha descrición do traballo a realizar no marco do TFG/TFM, a súa motivación, obxectivos, actividades e resultados esperados.
- Informe do titor/a do traballo fin de estudos sobre a existencia de vinculación entre as actividades propostas e o traballo fin de estudos.
- Documentación acreditativa da formación e/ou experiencia en voluntariado e cooperación ao desenvolvemento.
- Acreditación do idioma.

Tamén se lle poderá requirir outros documentos que fosen necesarios para a concesión da axuda.

7. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Sección de Axudas e Bolsas rematado o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de persoas admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo **de dez días hábiles** contados a partir do día seguinte á publicación para emendar os erros e a falta de documentación presentando o formulario de alegacións, dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, nos rexistros da Universidade.

Unha vez revisadas as alegacións a selección será efectuada pola Comisión de selección, de acordo cos seguintes criterios:

- Calidade do plan de traballo atendendo a súa calidade técnica, interese científico e obxectivos de formación ata 5 puntos

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s19N0000169

CSV

GEISER-6bbe-cae7-e2ba-40f8-ab49-427d-2011-1a2a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

22/04/2019 10:29:52 Horario peninsular

Validez del documento

Original



- Pertinencia da acción no país onde se vai realizar a estadía ata 2 puntos
- Experiencia ou formación en voluntariado e cooperación ao desenvolvemento ata 1 punto
- Nota media do expediente académico dos estudos de Grao nos que se atopa matriculado/a, ou dos estudos de acceso no caso de alumnado matriculado en estudos de Máster: ata 2 puntos

A Comisión de selección está composta por:

Presidenta: María Isabel Doval Ruíz, vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación

Vogais: Xosé M^a Mahou Lago, director da Área de Responsabilidade Social e Cooperación
Laura Movilla Pateiro, directora da Área de Internacionalización.

Efectuada a selección pola Comisión, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de bolsas concedidas, denegadas** coa mención da causa de denegación e a **listaxe de agarda** para o caso de existir renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **dez días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación, presentando o formulario de alegacións, dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, nos rexistros da Universidade.

Revisadas as alegacións pola Comisión, a Sección de Axudas e Bolsas elevará a proposta de **resolución definitiva de concedidas, denegadas e agarda** á vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación para a súa publicación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Todas as resolucións ás que se refire este punto publicaranse nos rexistros da Universidade e no [portal de bolsas](#) da web da universidade.

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

8. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas beneficiarias das bolsas deberán aceptar por escrito a concesión da bolsa no prazo de 15 días desde a notificación que será enviada ao enderezo electrónico indicado na solicitude, **presentando a carta de aceptación da entidade de acollida na que figurará o nome do titor/a**. De non facelo se lle concederá a bolsa a seguinte persoa da lista de agarda.

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s19N0000169

CSV

GEISER-6bbe-cae7-e2ba-40f8-ab49-427d-2011-1a2a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

22/04/2019 10:29:52 Horario peninsular

Validez del documento

Original



No caso de renuncia voluntaria deberá facerse por escrito dirixido á Sección de Axudas e Bolsas unha vez reintegrado o importe recibido. As renuncias aceptadas darán lugar á concesión a seguinte persoa da lista de agarda.

9. OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá:

- 1) Antes da estada:
 - a) Iniciar a estada antes do 31 de agosto de 2019.
 - b) Asistir á formación organizada pola UVIGO e a entidade de cooperación.
 - c) Tramitar, de ser o caso, o visado
 - d) Subscribir un seguro de viaxe que inclúa como mínimo atención sanitaria, responsabilidade civil e repatriación.
- 2) Durante a estada:
 - a) Enviar por correo electrónico a bolsas@uvigo.es a súa chegada ao país de destino xustificante de inicio de estada asinado polo/a titor/a da entidade de acollida
 - b) cumprir co plan de traballo presentado na solicitude. Calquera modificación (de datas, centro de destino...) deberá ser autorizada pola vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación, á vista dos informes dos/as tutores/as.
- 3) Ao finalizar a estada:
 - a) presentar un informe do/a titor/a da entidade de acollida que recolla a data de fin da estada e o grao de desempeño.
 - b) presentar unha memoria xustificativa do traballo realizado, resultados acadados e coñecementos adquiridos, que deberá contar co Visto e Prace do/a titor/a do traballo fin de estudos.
 - c) presentar e superar o TFG ou TFM antes do 31 de xullo de 2020.

Ademais o beneficiario/a debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que lle sexa de aplicación.

10. REVISIÓN E REINTEGRO DAS AXUDAS

Son causas de reintegro destas axudas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- A ocultación de datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas, está obrigada a reintegrar á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

11. PROTECCIÓN DE DATOS

Información no [Portal de bolsas](#)

